Predio n.º 4, manifesta que a modificación do trazado solicitado, non reduciría a afección de solo motivada pola servidume de paso, xa que a liña deberá de gardar unha separación regulamentaria das vías públicas cando discorre en paralelo con elas. Ademais aumentaría as afeccións nos predios identificados no expediente cos números 1, 2, 3 e 6. neste proxecto existen acordos amigables con nove dos doce propietarios afectados (entre eles os titulares dos predios n.º 1, 2 e 6). En canto ao apoio, segundo pódese ver no plano de planta e perfil lonxitudinal, instalase no lindeiro entre predios n.º 4 e o predio n.º 3, cō fin de minimizar o prexuízo ocasionado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.—O Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de A Coruña é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Real Decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma galega en materia de industria, enerxía e minas, e no exercicio das competencias atribuídas polo Real Decreto 1955/2000 e polo Decreto 36/2001, do 25 de xaneiro (DOG do 16-2-2001).

Segundo.–No expediente cumpríronse os trámites que sinala o artigo 53 da citada Lei 54/1997, e os regulamentos ordenados no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

De acordo co que antecede e no exercicio das competencias atribuídas

RESOLVE:

Autorizar, aproba-lo proxecto de execución e declarar de utilidade pública, en concreto, das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en tódalas súas partes ás que figuran no proxecto, e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outorgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables, e en especial as relativas á ordenación do territorio e ao medio ambiente.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a un ano, contados a partir da data desta resolución.

A declaración de utilidade pública leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Excmo. Sr. conselleiro de Economía e Industria no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa Territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 546/2006

Resolución do 22 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de A Coruña, de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica no Concello de Vimianzo (N.º Expte. IN407A 546/2006).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións que a continuación se detallan:

Solicitante: Electra del Jallas, S.A.

Enderezo social: Praza da Constitución, n.º 17, Cee (A Coruña)

Denominación: Modificado L.M.T.S., C.T., R.B.T., Outeiro-Baiñas.

Situación: Vimianzo.

Características técnicas:

Liña de media tensión subterránea, a 20 kV, con unha lonxitude de 0,314 km, coa orixe en apoio n.º 65-7 da L.M.T. aérea VIM-802 "COG. Dermont-Pino do Val", condutor tipo RHZ1, e final no C.T. Outeiro-Baiñas (proxectado).

Centro de transformación prefabricado, con una potencia de 250 kVA, e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.

Liña de baixa tensión aérea, cunha lonxitude de 0,43 km, coa orixe no C.T. Outeiro-Baiñas (proxectado), condutor tipo RZ, e apoios de formigón.

Rede de baixa tensión subterránea, cunha lonxitude de 0,532 km, coa orixe no C.T. Outeiro-Baiñas (proxectado), condutor tipo XZ1. Concello de Vimianzo.

Resultan os seguintes feitos:

Primeiro.—A petición someteuse a información pública por acordo do 3 de outubro de 2008, da Delegación Provincial, publicada no DOG do 24 de novembro de 2008, no BOP de A Coruña do 4 de novembro de 2008 e no xornal La Voz de Galicia de 23 de outubro de 2008, en aplicación do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Ase mesmo practicouse notificación individual ós afectados.

Segundo.—Dentro do prazo establecido foron presentadas alegacións por:

José Santiago Vázquez Antelo, como integrante da comunidade de herederos de don José Vázquez Anido, solicita modifíquese o proxecto e que o centro de transformación instállese no predio lindante polo lado este coa súa propiedade. Oponse ao modificado do proxecto e formula as mesmas alegacións que ao proxecto orixinal, que son de aplicación ao modificado pretendido. Alega que o modificado non se axusta aos termos da licenza de actividade concedida polo Concello de Vimianzo da que resulta a imperativa necesidade de que o centro de transformación sexa subterráneo. Que non se xustifica a imposibilidade de ubicar o citado centro en solo de dominio público. Que a ubicación non se corresponde co centro de cargas e que situalo na parcela colindante presenta unha serie de factores que o fai parecer mais idónea a súa ubicación. Xa existe un apoio aéreo e deixaría libre de afección ao predio do alegante.

Nada impide, segundo o elegante, ubicar o centro de transformación no punto en que a liña subterránea aflora para converterse en aérea.

Desta alegación se lle deu traslado á empresa solicitante, manifestando Electra del Jallas, S.A., o seguinte:

Reiterase no seu escrito de contestación ás alegacións ao proxecto inicial. Manifesta que o modificado realizouse con motivo do condicionante derivado da correspondente licenza municipal, no que non se contempla a obrigação de proxectar o centro de transformación subterráneo. Que o proxecto realizouse conforme o Decreto 3151/68 de 28 de novembro, R.T.L.E.A.T., sen que existan prohibicións nin limitacións que impidan o establecemento da instalación. Que a modificación que propón, suporía trasladar a afección sobre a outra parcela particular, podendo a seu propietario manifestarse no mesmo sentido que o alegante. No caso de ser autorizado o proxecto, será o Xurado de Expropiación de Galicia o encargado de valorar o prexuízo que se produce no predio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.—O Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de A Coruña é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Real Decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma galega en materia de industria, enerxía e minas, e no exercicio das competencias atribuídas polo Real Decreto 1955/2000 e polo Decreto 36/2001, do 25 de xaneiro (DOG do 16-2-2001).

Segundo.—No expediente cumpríronse os trámites que sinala o artigo 53 da citada Lei 54/1997, e os regulamentos ordenados no Título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Ademais cumpre sinalar que non corresponde a esta fase do procedemento o realizar as valoracións derivadas dos prexuízos que aos afectados lles ocacione o trazado desta liña eléctrica, xa que iso é competencia do Xurado da Expropiación de Galicia, logo de que ao expediente se incorporen a acta previa á ocupación e as follas de aprecio coas valoracións contraditorias que presenten as partes.

De acordo co que antecede e no exercicio das competencias atribuídas

RESOLVE:

Autorizar, aproba-lo proxecto de execución e declarar de utilidade pública, en concreto, das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en tódalas súas partes ás que figuran no proxecto, e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outorgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables, e en especial as relativas á ordenación do territorio e ao medio ambiente.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a un ano, contados a partir da data desta resolución.

A declaración de utilidade pública leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Excmo. Sr. conselleiro de Economía e Industria no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

A Coruña, 22 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa Territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 325/2008

Resolución do 21 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de A Coruña, de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica no Concello de Rianxo (N.º Expte. IN407A 325/2008).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións que a continuación se detallan:

Solicitante: Unión-Fenosa-Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171 - A Coruña.

Denominación: modificado L.M.T., C.T.C., R.B.T., Meiquiz.

Situación: Rianxo.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión aérea, a 20 kV, cunha lonxitude de 745 m, coa orixe na L.M.T.A. Carbonell-Rianxo entre C.T. Abuín (Expte. 31.648) e C.T. Raño (Expte. 178/95), condutor tipo LA 56/54,6 mm², e final no paso aéreo-soterrado a C.T. Meiquiz.

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 20 kV, cunha lonxitude de 760 m, coa orixe no apoio fin de liña proxectado, condutor tipo RHZ1, e final no C.T.C. Meiquiz proxectado.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 160 kVA, e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.

Liña de baixa tensión aérea, cunha lonxitude de 1.336 m, coa orixe na R.B.T.S. proxectada, condutor tipo RZ, e apoios de formigón.

Rede de baixa tensión subterránea, cunha lonxitude de 35 m, coa orixe no C.T. Meiquiz, proxectado, condutor tipo XZ1. Concello de Rianxo.

Resultan os seguintes feitos:

Primeiro.—A petición someteuse a información pública por Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial, publicada no DOG do 26 de xuño de 2009, no BOP de A Coruña do 15 de xuño de 2009 e no xornal El Correo Gallego de 9 de xuño de 2009, en aplicación do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Ase mesmo practicouse notificación individual ós afectados.

Segundo.—Dentro do prazo establecido foron presentadas alegacións por:

Don José Ramón Lustres Moares, en representación da comunidade de montes en man común de Pena-Leiro, propietarios do predio n.º 1, manifesta que o trazado é inadecuado por non adaptarse á pista forestal, polo que é un prexuízo para a explotación do monte. Considera necesario dar traslado do expediente ao Servizo de Patrimonio DA Consellería de Cultura e Turismo, ante a existencia dun Vía Crucis con cruceiros de pedra, cun importante valor cultural. Para evitar o impacto ambiental, os perigos que se xeran con ocasión de incendios, consideran que o trazado debe de ir subterráneo. Que o monte Pena-Leiro se encontra conveniado coa Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, polo que a actual Consellería tamén debe de ser parte do expediente, dándosele traslado do mesmo. A solicitude de declaración de utilidade pública, debe de ir acompañada do pertinente dictamen de incidencia ambiental (Decreto 133/2008, de 12 de xuño). A exposición do proxecto ao público en A Coruña, a máis de 100 km de distancia do lugar afectado polas obras, e onde ten o seu enderezo a comunidade de montes propietaria dos bens que resultan afectados, supón unha vulneración do establecido na Lei 30/92. Debería estar exposto ao público no Concello de Rianxo.

Desta alegación se lle deu traslado á empresa solicitante, manifestando Unión Fenosa Distribución, S.A., o seguinte:

Que adaptar o trazado da liña eléctrica á pista forestal non reduciría a afección da servidume de paso de enerxía eléctrica, debendo de gardarse unha separación regulamentaria á vías públicas. Que o proxecto realizouse conforme o Decreto 3151/68 de 28 de novembro R.T.L.E.A.T., sen que existan limitacións, nin prohibicións que impidan o establecemento da servidume. Xunto ao modificado, foron presentadas as correspondentes separatas, para o Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, coa finalidade de que emitan o correspondente condicionado técnico. En canto ao soterramento da liña aérea proxectada, a variación proposta superaría o 10% do orzamento do proxecto (art. 161, R.D. 1955/2000 de 1 de decembro). Que como parte interesada na relación de bens e dereitos afectados pola instalación, figura o Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Rural. Que o proxecto non se encontra incluído entre os que se lles podería aplicar o trámite regulado no Decreto 133/2008 de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia

ambiental. Que o trámite de información pública ao que se somete o modificado do proxecto, cumpre có R. D. 1955/2000 de 1 de decembro. Non se vulnera o art. 37 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, por canto este artigo refírese aol acceso dos cidadáns a arquivos e rexistros de expedientes con procedementos terminados, que non é o caso. Que si o proxecto é autorizado, será o Xurado de Expropiación de Galicia, o encargado de valorar os prexuízos que se producen neste predio, establecendo o prezo xusto.

Fundamentos de dereito

Primeiro.—O Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de A Coruña é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Real Decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma galega en materia de industria, enerxía e minas, e no exercicio das competencias atribuídas polo Real Decreto 1955/2000 e polo Decreto 36/2001, do 25 de xaneiro (DOG do 16-2-2001).

Segundo.—No expediente cúmpriñense os trámites que sinala o artigo 53 da citada Lei 54/1997, e os regulamentos ordenados no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Ademais cumpre sinalar que non corresponde a esta fase do procedemento o realizar as valoracións derivadas dos prexuízos que aos afectados lles ocasione o trazado desta liña eléctrica, xa que iso é competencia do Xurado da Expropiación de Galicia, logo de que ao expediente se incorporen a acta previa á ocupación e as follas de aprecio coas valoracións contraditorias que presenten as partes.

De acordo co que antecede e no exercicio das competencias atribuídas

RESOLVE:

Autorizar, aproba-lo proxecto de execución e declarar de utilidade pública,. en concreto, das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en tódalas súas partes ás que figuran no proxecto, e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outorgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables, e en especial as relativas á ordenación do territorio e ao medio ambiente.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a un ano, contados a partir da data desta resolución.

A declaración de utilidade pública leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Excmo. Sr. conselleiro de Economía e Industria no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

A Coruña, 21 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa Territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 443/2009

Acordo do 20 de outubro de 2009 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Ordes (expediente IN407A 443/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo Social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T., R.B.T. Casal.

Situación: concello de Ordes.

Características técnicas:

Liña eléctrica aérea de media tensión a 20 kV, cunha lonxitude de 0,05 km, coa orixe en apoio existente de L.M.T. SME-809, derivada a C.T. Casal-Ordes (expediente 32.454) e final no C.T. Casal proxectado, en condutor LA-56/54,6.

Centro de transformación intemperie, cunha potencia de 100 kVA relación de transformacións de 20.000/400-230 V.

Rede de baixa tensión aérea, cunha lonxitude de 1,278 km, coa orixe no C.T. Casal proxectado, con condutor RZ e apoios de formigón. Concello de Ordes.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 20 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 403/2009

Acordo do 19 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Sada (expediente IN407A 403/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: subestación Sada 132/15 kV, ampliación 1 liña de M.T. pos. 715 L/Mondego.

Situación: concello de Sada.

Características técnicas:

Nova posición de liña de 15 kV (pos. 815 L/Montego), coa instalación dunha cela tipo blindado para interior con illamento en SF6. Concello de Sada.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 424/2009

Acordo do 19 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Fene (expediente IN407A 424/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. parcela J4, polígono Vilar do Colo.

Situación: concello de Fene.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,012 km, coa orixe e final na L.M.T.S. a C.T. Vilar do Colo, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3(1x240) Al.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 250 kVA e relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello de Fene.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 427/2009

Acordo do 19 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Ames (expediente IN407A 427/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.C. do Pedregal, n.º 5.

Situación: concello de Ames.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,244 km, coa orixe e final na L.M.T.S. SNT-824, entre C.T. Avda. da Mahía, 20 e C.T. praza de Chavián, 2, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3(1x240) Al.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 250 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Ames.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 426/2009

Acordo do 19 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Boiro (expediente IN407A 426/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.C. Escarabote II.

Situación: concello de Boiro.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,120 km, coa orixe e final na L.M.T.S. BOI-802, entre o C.T. Ponte Coroño e o C.T. estrada Xeneral, condutor tipo RHZ1-20L-12120 kV-3(1x240) Al.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 630 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Boiro.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 425/2009

Acordo do 19 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Noia (expediente IN407A 425/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.C. Calvario, 7.

Situación: concello de Noia.

Características técnicas:

Liña de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 2x0,150 km, coa orixe na L.M.T.S. a C.T. Fonosil-Hnos. Labarta, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV 3(1x240) Al, e final na mesma liña unha vez entre e saía do C.T.C. proxectado.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 250 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Noia.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 444/2009

Acordo do 19 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Porto do Son (expediente IN407A 444/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., a C.D. Nova Lonxa Portosín.

Situación: concello de Porto do Son.

Características técnicas:

Liña subterránea de media tensión a 20 kV, cunha lonxitude de 0,285 km, coa orixe na cela do C.T. San Andrés (expediente IN407A 2000/330) e final na L.M.T.S. a C.T. San Andrés unha vez entre e saia do C.D. da nova Lonxa de Portosín en condutor 2RHZ1-OL 3x1x240 mm². Concello de Porto do Son.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 422/2009

Acordo do 19 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Mugar dos (expediente IN407A 422/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. Peteiro, s/n.

Situación: concello de Mugar dos.

Características técnicas:

Liña de media tensión subterránea a 15 kV, cunha lonxitude de 0,577 km, coa orixe no apoio de media tensión existente, mediante paso aéreo-subterráneo na L.M.T.S. existente VDC-706 "Mugar dos, 6", condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3(1x240) Al e final na L.M.T.S. VDC-706 "Mugar dos, 6", entre os CC.TT. Cristo e Peteiro, 7.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 250 kVA e relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello de Mugar dos.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 434/2009

Acordo do 19 de outubro de 2009, do Departameno Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Ferrol (expediente IN407A 434/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. O Bertón.

Situación: concello de Ferrol.

Características técnicas:

Liña de media tensión subterránea O Bertón I, a 15/20 kV, cunha lonxitude de 3,689 km, coa orixe na subestación Santa Mariña, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3(1x240) Al e final no C.T. Gándara n.º 6.

Liña de media tensión subterránea O Bertón II, a 15/20 kV, cunha lonxitude de 3,548 km, coa orixe na subestación Santa Mariña, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3(1x240) Al e final no C.T. Gándara n.º 6.

Liña de media tensión subterránea a C.T. Viv. Bazán, a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,378 km, coa orixe no C.T. Ultramar, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3(1x240) Al e final no C.T. Viv. Bazán.

Liña de media tensión subterránea a C.T. Caranza n.º 1, a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,558 km, coa orixe no C.T. Rep. Argentina, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3(1x240) Al e final no C.T. Caranza n.º 1.

Liña de media tensión subterránea a C.T. Caranza n.º 6, a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,558 km, coa orixe no C.T. Sartaña, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3(1x240) Al e final no C.T. Caranza n.º 6.

Liña de media tensión subterránea Gándara Promisa, a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,22 km, coa orixe no C.T. Gándara, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3(1x240) Al e final na L.M.T.A. a C.T. Gándara Promisa.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 630 kVA e relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello de Ferrol.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 653/2007

Acordo do 19 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello da Coruña (expediente IN407A 653/2007).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: Anexo III ao proxecto L.M.T.S., CC.TT. Centro Comercial Dentro UR Someso (sector S-7).

Situación: concello da Coruña.

Características técnicas:

Instalación dun novo transformador no C.T. n.º 6, de potencia unitaria 630 kVA, con instalación de celas modulares 3L+2P. Concello de A Coruña.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 19 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Expediente número IN407A 245/2009

Resolución do 23 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se autoriza administrativamente e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica nos concellos de Frades, Ordes e Cerceda (expediente IN407A 245/2009).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: U.D.E.S.A.

Enderezo social: rúa José Angel Valente, 17-baixo, local 62, 15706 - SANTIAGO

Denominación: reconectadotes L.M.T. Abellá, L.M.T. Vilamaior e L.M.T. Buzarelos.

Situación: concellos de Frades, Ordes e Cerceda

Características técnicas:

Instalación dun reconector de avarías sobre apoios das liñas seguintes: L.M.T. Abellá, que entronca na L.M.T. Abellá-Sobre dos Campos (expediente IN407A 2002/163) con cambio de apoio existente por un novo tipo HVH-13/1600; L.M.T. Vilamaior, que entronca na L.M.T. Maquía - Casal (expediente IN407A 2002/163) con cambio de apoio existente por un novo tipo HVH -15/2500, e L.M.T. Buzarelos, que entronca na L.M.T. Barra-Buzarelos (expediente 51.983) sobre apoio existente.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables, e en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 23 de outubro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Publicación de notificación a particular sobre retirada de vehículo da vía pública

EDICTO

Segundo o disposto no artigo 59.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992) e intentada a notificación sen que se puidese practicar, procédese a súa publicación.

| | | | |
|---------------------|---|---------|--------|
| TITULAR DO VEHICULO | Ricardo Gallego Rodríguez | | |
| D.N.I. | 32671322 | | |
| ENDEREZO: | Marqués de Figueroa, 10, 3º d (Fene-A Coruña) | | |
| MATRICULA: | VA-6398-AJ | | |
| MARCA | Renault | MODELO: | Scenic |

Infórmase de que o seguinte vehículo atópase no depósito concertado por este concello, Desguaces Alfeba, sito no lugar de Andrade, s/n en Pontedeume, provincia de A Coruña (teléf. 981432323) dende o día 08 de outubro de 2009 ao presumirse racionalmente o seu abandono en virtude do disposto no artigo 71.1 do R.D.L. 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, segundo redacción dada pola lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En aplicación deste mesmo artigo, que regula a retirada e depósito dos vehículos abandonados,

RESOLVO

Ordenar a D/Dª Ricardo Gallego Rodríguez que retire do depósito o citado vehículo no prazo de 15 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, previo pago das taxas devengadas pola retirada do vehículo e estancia no mencionado depósito

Advertir a D/Dª Ricardo Gallego Rodríguez que se transcorrido dito prazo non o retira, terá o tratamento de residuo sólido urbano, quedando a disposición deste Concello e sendo de aplicación o disposto no artigo 33.2 da vixente lei 10/1998 de residuos ou outro de interese municipal.

Igualmente faise saber que se non fora do seu interese a retirada do vehículo indicado somentes quedará exenta de responsabilidade administrativa se o cede a un xestor de residuos sólidos autorizados ou o entrega ao Concello, para o que en ambos casos deberá presentar:

- Orixinal e fotocopia do permiso de circulación ou denuncia de perda ou roubo
- Orixinal e fotocopia da tarxeta de características ou denuncia de perda ou roubo
- Orixinal e fotocopia do recibo do imposto de vehículos de tracción mecánica do ano en curso.

En Ares, a 23 de outubro de 2009

O Alcalde,

Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****ARES**

Notificación colectiva de sancións impostas pola policía local de Ares

EDICTO

Segundo o disposto nos artigos 59.4 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992) publícase a notificación das iniciacións dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos polo Departamento de Sancións da Policía Local, en tanto a notificación no último domicilio coñecido non se lles puido practicar ás persoas ou entidades denunciadas.

Os expedientes están no Departamento de Sancións da Policía Local deste concello, perante o cal poderán alegar por escrito o que na súa defensa xulguen conveniente. Para iso achegarán ou proporán as probas que consideren oportunas dentro do prazo de QUINCE (15) DIAS HABILES, contados desde o seguinte ó desta publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Transcorrido o dito prazo sen que se fixer uso deste dereito, pronunciaranse as oportunas resolucións.

Ares, a 23 de outubro de 2009

O Alcalde,

Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo.

| Expte | Denunciado/a | Identificación | Domicilio | Localidade | Data | Contía | Precepto | Artigo |
|------------|--|----------------|------------------------------|-------------------------------|----------|----------|---|----------------|
| 640-2009 | M ^a Concepción Alvaro Pascual | 03.119.893 | R/Cayetano Oviedo, 5 | Alcaudete de la Jara (Toledo) | 28/07/09 | 114,25 € | Prohibido aparcarse (zona amarela) | 3.7 O.M. |
| 642-2009 | Carolina Ibáñez López | 46.904.855 | Huertas, 1 Quinto | A Coruña | 01/08/09 | 300 € | Obstaculizar gravemente a circulación (non permitir o tránsito de vehículos) | 91.2 R.X.C. |
| 757-2009 | Jesús Rodríguez Alonso | 32.630.263 | Calvo Sotelo, 49 | Mugardos (A Coruña) | 08/08/09 | 114,25 € | Estacionarse en liña amarela | 3.7 O.M. |
| 801-2009 | Almudena Lamas Fuentes | 32.682.415 | R/María, 210, 1 B | Ferrol (A Coruña) | 02/08/09 | 114,25 € | Estacionarse nun lugar prohibido pola sinalización vial (liña amarela) | 3.7 O.M. |
| 650-2009 | Javier Vicente López Pita | 32.599.739 | Afrodita, Pazo do Río, 1 | Montrove, Oleiros, A Coruña | 03/08/09 | 76,12 € | Estacionarse diante dun vado correctamente sinalizado | 3.10 O.M. |
| 716 A 2009 | Jorge Fernández Martínez | 53.165.835 | C/ Curros Enríquez, 15, 2º B | Temple (A Coruña) | 06/07/09 | 301 € | Incumplir, o titular ou o arrendatario do vehículo co que se cometeu a infracción, a obriga de identificar verazmente ao condutor responsable da infracción | 65.5.i. L.S.V. |

(LSV = Lei de seguridade vial (R.d.I. 339/1990, do 2 de marzo), RXC = Regulamento xeral de circulación (13/1992, do 17 de xaneiro), OM = Ordenanza municipal de circulación)

2009/15869

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Edicto de información pública

EDICTO

Solicitando desta Alcaldía Unión Fenosa Distribución S.A. Licencia Municipal para a apertura de Centro de Transformación a situar na rúa Concepción Arenal e en cumprimento coa lexislación vixente sobre actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, e de conformidade co artigo 59.5 da Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por medio do presente anuncio comunícaselle aos interesados, e mesmo aos que non sexa posible notificar persoalmente, que están notificados a tódolos efectos, significándolles que teñen un prazo de dez días hábiles contados a partires do día seguinte á notificación para alegar o que consideren oportuno.

Ares a 10 de novembro de 2009

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- Julio Ignacio Iglesias Redondo

2009/16727

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Edicto de información pública

EDICTO

Solicitando desta Alcaldía Unión Fenosa Distribución S.A. Licencia Municipal para a apertura de Centro de Transformación a situar na rúa Zamborela e en cumprimento coa lexislación vixente sobre actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, e de conformidade co artigo 59.5 da Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por medio do presente anuncio comunícaselle aos interesados, e mesmo aos que non sexa posible notificar persoalmente, que están notificados a tódolos efectos, significándolles que teñen un prazo de dez días hábiles contados a partires do día seguinte á notificación para alegar o que consideren oportuno.

Ares a 10 de novembro de 2009

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- Julio Ignacio Iglesias Redondo

2009/16728

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****BERGONDO***Orzamento*

ANUNCIO

Na Intervención municipal, e segundo dispón o artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ó que se remite o artigo 177.2 do mesmo texto legal, expónse ó público para os efectos de reclamacións ó expediente de modificacións de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito, aprobado inicialmente pola Corporación en Pleno, na sesión que tivo lugar o día 5 de novembro de 2009.

Os interesados que estén lexitimados segundo o disposto no artigo 170.1 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e polos motivos taxativamente enumerados no apartado número 2 deste mesmo artigo, poderán presentar reclamacións con suxeición ós seguintes trámites:

a) Prazo de exposición e admisión de reclamacións: quince días hábiles a partir do seguinte á data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións.

b) Oficina de presentación: Rexistro Xeral do Concello.

c) Órgano ante o que se reclama: Pleno do Concello.

Resumo das modificacións orzamentarias por capítulos de gasto

| Capítulo | Consignación antes da modificación | Aumento | Disminuc. | Consignación definitiva |
|------------------------------------|------------------------------------|------------|------------|-------------------------|
| 1.-Gastos de persoal | 2.251.579,04 | 0,00 | 0,00 | 2.251.579,04 |
| 2.-Gastos bens correntes e servic. | 2.799.202,67 | 517.000,00 | 0,00 | 3.316.202,67 |
| 3.-Gastos financeiros | 40.000,00 | 0,00 | 0,00 | 40.000,00 |
| 4.-Transferencias correntes | 214.450,00 | 30.000,00 | 0,00 | 244.450,00 |
| 6.-Inversións reais | 5.087.026,90 | 70.000,00 | 200.000,00 | 4.957.026,90 |
| 7.-Transferencias de capital | 108.397,35 | 0,00 | 0,00 | 108.397,35 |
| 8.-Activos financeiros | 22.000,00 | 0,00 | 0,00 | 22.000,00 |
| 9.-Pasivos financeiros | 45.000,00 | 0,00 | 0,00 | 45.000,00 |
| TOTAIS | 10.567.655,96 | 617.000,00 | 200.000,00 | 10.984.655,96 |

Bergondo, 9 de novembro de 2009.

A alcaldesa

Asdo. Alejandra Pérez Máquez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Expediente modificación de crédito 7/2009

EDICTO

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria realizada o día 6 de novembro de 2009 aprobou o expediente de modificación de créditos número 7/09, por importe de cento oitenta e catro mil trescentos dez (184.310,00) euros; no cumprimento do disposto no artigo 177 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese a información pública na Secretaría do Concello, por prazo de quince días hábiles que se contarán desde o seguinte o da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que poida examinarse ó expediente e presenta-las reclamacións que se consideren oportunas, que serán dirixidas o Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Cabanas, 9 de novembro de 2009.

O Alcalde,

Asdo.: Germán Castrillón Permuy.

2009/16733

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Aprobación inicial modificación Ordenanzas fiscais

EDICTO

O Pleno da Corporación na sesión extraordinaria realizada o día 6 de novembro de 2009 acordou:

1º. Aprobar provisionalmente a modificación dos tributos locais, así como da correspondente ordenanza fiscal reguladora que a seguir se detalla:

-Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

-Imposto sobre Bens Inmóbles.

2º. Someter a información pública os referidos acordos e o texto das ordenanzas reguladoras, polo prazo de trinta días, publicando a tal efecto anuncio no B.O.P e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3º. No caso de que non se presentaren reclamacións no prazo anterior, os acordos adoptados entenderanse definitivamente aprobados.

O que se fai público no cumprimento no disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incluíndose como Anexo ó presente Edicto o Texto das Ordenanzas mencionadas no apartado 1º.

Cabanas, 9 de novembro de 2009.

O Alcalde,

Asdo. Germán Castrillón Permuy.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1. REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1º. Fundamento legal.

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II, artigos 92 e seguintes, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o exercicio das facultades deste Concello sobre o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Artigo 2º. Natureza e feito imponible.

1.- O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular pola vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2.- Considerarase vehículo apto para a circulación o que se matriculou nos rexistros públicos correspondentes e mentres non cause baixa neles. Para os efectos deste imposto, tamén se consideraran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.- Non están suxeitos a este imposto os vehículos que, sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poden ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza, así como, os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilos.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 4º. Bases e cota tributaria.

1.- De conformidade co previsto no artigo 95. 1 e 4 do Texto Refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o coeficiente de incremento das cotas e tarifas do IVTM aplicable neste Concello serán os seguintes:

| Potencia y clase de vehículo | Coficiente | Cota |
|---|------------|--------|
| A)Turismos | | |
| -De menos de 8 cabalos fiscais | 1,20 | 15,14 |
| -De 8 ata 11,99 cabalos fiscais | 1,20 | 40,90 |
| -De 12 ata 15,99 cabalos fiscais | 1,20 | 86,33 |
| -De 16 ata 19,99 cabalos fiscais | 1,20 | 107,53 |
| -De 20 cabalos fiscais en adiante | 1,30 | 134,40 |
| B)Autobuses | | |
| -De menos de 21 prazas | 1,20 | 99,96 |
| -De 21 a 50 prazas | 1,20 | 142,37 |
| -De mais de 50 prazas | 1,20 | 177,96 |
| C) Camións | | |
| -De menos de 1.000 Kg. de carga útil | 1,20 | 50,74 |
| -De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil. | 1,20 | 99,96 |
| -De 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil | 1,20 | 142,37 |
| -De mais de 9.999Kg. de carga útil | 1,20 | 177,96 |
| D)Tractores | | |
| -De menos de 16 cabalos fiscais | 1,20 | 21,20 |
| -De 16 a 25 cabalos fiscais. | 1,20 | 33,32 |
| -De mais de 25 cabalos fiscais. | 1,20 | 99,96 |
| E)Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica: | | |
| -De menos de 1.000 e mais de 750 Kg. de carga útil | 1,20 | 21,20 |
| -De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil. | 1,20 | 33,32 |
| -De mais de 2.999 Kg. de carga útil. | 1,20 | 99,96 |
| F) Outros vehículos: | | |
| -Ciclomotores | 1,40 | 6,19 |
| -Motocicletas ata 125cc. | 1,50 | 6,63 |
| -Motocicletas de mais de 125cc ata 250cc. | 1,40 | 10,60 |
| -Motocicletas de mais de 250cc ata 500cc. | 1,40 | 21,21 |
| -Motocicletas de mais de 500cc ata 1.000cc. | 1,40 | 42,41 |
| -Motocicletas de mais de 1.000cc. | 1,40 | 84,81 |

2.-A efectos de aplicación das tarifas e determinación das diversas clases de vehículos, estarase o disposto no Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro polo que se aproba o regulamento xeral de vehículos e outras disposicións complementarias.

3.- En todo caso, a rúbrica xenérica tractores a que se refire o epígrafe D) do cadro de tarifas comprenderá os tracto-camións e tractores de obras e servizos.

Os vehículos definidos como mixtos, todo terreo, mixtos adaptables, mixto todo terreo, furgoneta mixta, furgón mixto adaptable e semellantes polo literal da clave numérica reflectida na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, agás nos seguintes casos:

- Si o vehículo está autorizado para o transporte de mais de nove persoas, incluído o conductor, tributará como autobús.
- Si o vehículo está autorizado para o transporte de mais de 750 kg de carga útil, tributará como camión.
- Os motocarros tributarán como outros vehículos no epígrafe F) segundo a súa potencia fiscal.
- Os vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o vehículo que leve a potencia de arrastre e o/s remolque/s ou semirremolque/s arrastrados.
- Os vehículos denominados autocaravanas serán considerados como furgonetas ós efectos deste imposto.

Artigo 5º. Exencións.

1. Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

- c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria, ou ao traslado de feridos ou enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as devanditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto neste parágrafo, se consideran persoas con minusvalía quen teña esa condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da libreta de inspección agrícola.

2. Para poder gozar das exención a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar súa concesión, con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Esta solicitude deberá renovarse cada ano presentando os documentos necesarios. En caso de presentar a solicitude con posterioridade ao devengo do imposto, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo e) do apartado 1 deste artigo os interesados deberán adxunta - la seguinte documentación:

Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- a'). Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.
- b'). Fotocopia do permiso de conducción (anverso e reverso). Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- c'). Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- d'). Fotocopia da póliza de seguro do vehículo no que figure o conductor habitual do mesmo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- e'). Fotocopia DNI.
- f'). Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- g'). Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- h'). Estar empadroado no Concello de Cabanas.

En caso de que o que se solicite sexa unha renovación da exención, tan só deberán aportarse os documentos indicados en a') e d'). Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por todos os conceptos.

Vehículos destinados ao transporte de minusválidos:

- a''). Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais no que conste ademais do grao de minusvalía, si o minusválido ten necesidade de asistencia de terceiras persoas e si ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.
- b''). Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- c''). Fotocopia da póliza de seguro do vehículo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- d''). Fotocopia DNI do minusválido e do conductor habitual do vehículo.
- e''). Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- f''). Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- g''). Estar empadroado no Concello de Cabanas.

En caso de que o que se solicite sexa unha renovación da exención, tan só deberán aportarse os documentos indicados en a'') e c''). Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por todos os conceptos, así como ao oportuno informe, en caso necesario da policía local.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por mais dun vehículo simultaneamente.

Non se considerará que o vehículo é para uso exclusivo do minusválido, e polo tanto non se entenderá xustificado o destino de dito vehículo, cando do certificado expedido pola Consellería de Asuntos Sociais non se deduza que o minusválido ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

Artigo 6º. Bonificacións.

Establécese unha bonificación do 100 por cento da cota do imposto, para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se non se coñece a data da súa fabricación, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data no que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Para gozar desta bonificación os interesados deberán solicitar a súa concesión indicando as características do vehículo e matrícula achegando os documentos xustificativos que acrediten o dereito a bonificación.

Artigo 7º. Período impositivo e obriga de contribuír.

1.-O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día no que se produza a adquisición.

2.-O imposto percibirase no primeiro día do período impositivo.

3.-O importe da cota do imposto repartirase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo.

4.-O pagamento do imposto acreditarase mediante a declaración-liquidación ou recibo debidamente validado pola entidade recadadora.

Artigo 8º. Normas de xestión.

1.-A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponde ó Concello do domicilio no que conste o permiso de circulación do vehículo, e por delegación á Deputación Provincial da Coruña.

2.-No caso de primeira adquisición dun vehículo ou cando este se reformen de maneira que altere a súa clasificación para os efectos do presente imposto, o suxeito pasivo presentará no lugar que determine a Deputación Provincial da Coruña, no prazo de trinta días, contados dende a data da adquisición ou reforma, a declaración-liquidación por este imposto segundo o modelo aprobado pola mesma Corporación. Achegarase a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, o certificado das súas características técnicas e o documento nacional de identidade ou o código de identificación fiscal do suxeito pasivo.

Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do imposto resultante dela. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que a oficina xestora non comprobe que se efectuou mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto. A autoliquidación formulada polo suxeito pasivo suporá a alta no correspondente padrón do imposto.

3.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, a recadación das correspondentes cotas tributarias realizarase mediante a expedición de recibos en base a un padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ó imposto que figuren inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

O padrón do imposto expoñerase ao público por un prazo de vinte días para que os interesados poidan examinalo e, de ser o caso, formular as reclamacións oportunas.

Dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación colectiva á que se refire o artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Non será necesaria a notificación expresa das modificacións do padrón do imposto cando estas sexan consecuencia de declaracións, documentos ou impresos presentados polo suxeito pasivo.

Artigo 9º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria, e a súa normativa de desenvolvemento.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal derroga a publicada no BOP do 23 novembro de 2007, entrará en vigor o día seguinte ó da publicación de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 2. REGULADORA DO IMPUESTO SOBRE BENS INMOBLES**Artigo 1º. Fundamento legal.**

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II, artigos 60 e seguintes, todos eles do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, régúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o exercicio das facultades deste Concello sobre o Imposto sobre Bens Inmóbles.

Artigo 2º. Natureza e feito imponible.

O Imposto sobre Bens Inmóbles é un tributo de carácter real, cuxo feito imponible está constituído pola propiedade dos bens inmóbles de natureza rústica e urbana sitos no termo municipal, ou pola titularidade dun dereito real de usufructo ou de superficie, ou pola titularidade dunha concesión administrativa sobre ditos bens ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos e grava o valor dos referidos inmóbles.

Artigo 3º. Tipo de gravame.

De acordo co previsto no artigo 72.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles neste municipio queda fixado nos seguintes termos:

- 1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,55 por cento.
- 2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,55 por cento.
- 3.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable os bens inmóbles de características especiais, definidos no artigo 2.7 da Lei 48/2.002, de 23 de Decembro, Lei do Catastro Inmobiliario e sitos no termo municipal de Cabanas, queda fixado no 1,3 por cento.

Artigo 4º. Exencións.

1. Estarán exentos deste imposto os Bens Inmóbles recollidos no artigo 62.1 e 2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

2. De conformidade co disposto no artigo 62.4 do devandito Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por criterios de eficiencia e economía na xestión de recadación do tributo, establécese unha exención por contía mínima que se aplicará da seguinte forma:

- a) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior ou igual a 3,00 euros.
- b) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza rústica dun mesmo suxeito pasivo sitos neste municipio que teñan unha cota líquida agrupada segundo o previsto no artigo 77.2 da referida lei inferior ou igual a 3,00 euros.

Artigo 5º. Bonificacións.

1. En virtude do artigo 73.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50 % na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmóbles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.
- b) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.
- c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.
- d) A solicitude da bonificación pódese formular dende o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. Segundo o disposto no artigo 73.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó outorgamento da cualificación definitiva, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia. Dita bonificación concederase a petición do interesado que poderá efectuarse en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración da mesma e producirá efectos no seu caso dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

3. Terán dereito a unha bonificación do 95 % da cota íntegra e, no seu caso, do recargo do imposto a que se refire o artigo 153 da referida Lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

4. En virtude do artigo 74.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50 % na cota íntegra do imposto a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, previa solicitude do interesado e previa acreditación por parte do mesmo desa condición, sempre e cando os bens inmoables sobre os que se pretenda aplicar a bonificación non teñan un valor catastral superior ós 25.000 euros.

Así mesmo deberá acreditarse por parte do interesado, que o inmovible sobre o que pretende que se lle aplique a bonificación, constitúe a súa vivenda habitual, e que están empadroados nela todos e cada un dos membros que constitúen a unidade familiar numerosa.

5. As bonificacións ás que fan referencia os apartados anteriores deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún ou nos tres supostos establecidos para cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

No caso de concorrer simultaneamente máis dun suposto dos referidos nos parágrafos anteriores, aplicarase a bonificación que resulte mais vantaxosa para o suxeito pasivo.

Disposición adicional.

Para o non previsto nesta Ordenanza fiscal estarase ó disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei Xeral Tributaria e disposicións concordantes.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal derroga a publicada no BOP do 23 de novembro de 2007, entrará en vigor o día seguinte ó da publicación de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Liquidación auga e saneamento 3º T/2009.

EDICTO

Aprobado por resolución desta Alcaldía de data 10 de novembro de 2009 o resumo de facturación e padrón de contribuíntes correspondente o 3ºT/2009 polo servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros e depuración, sométese a información pública na Secretaría do Concello polo prazo de quince días contados a partir da publicación do presente anuncio no B.O.P a efectos de exame e reclamacións.

Cabanas, 10 de novembro de 2009.

O Alcalde

Asdo.: Germán Castrillón Permuy.

2009/16735

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Anuncio de licitación

ANUNCIO DE PROCEDIMIENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN)

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Concello de Cambre.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría-Contratación.
- c) Obtención de documentación e información.
 - 1) Dependencia: Concello de Cambre.
 - 2) Domicilio: Adro, n.º 1.
 - 3) Localidade e código postal: Cambre 15660.
 - 4) Teléfono: 981-61-31-28 / 981-61-31-88.
 - 5) Telefax: 981-67.40.31 .
 - 6) Correo electrónico: secretaria@cambre.org
 - 7) Dirección de Internet do perfil de contratante: www.cambre.es
- 8) Data límite de obtención de documentos e información: Ata as 14 horas do día anterior ó que remate o prazo para presenta-las proposicións.
 - d) Número do expediente: 09/ 97-46 OB.

2. Obxecto do contrato.

- a) Tipo : Contrato de obras
- b) Descrición : Mellora de rede viaria no Municipio de Cambre
- c) Lugar de execución: Diversas parroquias do municipio de Cambre
- d) Prazo de execución: Cinco (5) meses
- e) Referencia de Nomenclatura : 45.23.12 // 45.23.15

3. Tramitación e procedemento .

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Aberto
- c) Criterios de adxudicación: Multiplicidade de criterios de valoración, (cláusula 15.2.2) :
 - Programa de control interno de calidade
 - Programa de traballo e protección medioambiental
 - Melloras ao proxecto
 - Plan de seguridade e saúde
 - Oferta económica

4. Orzamento base de licitación.

- Importe neto: 438.922,04 euros
- IVA (16 %): 70.227,53 euros
- Importe total : 509.149,57 euros, IVE incluído.

5. Garantías esixidas:

Provisional: Non se esixe.

Definitiva : 5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación:

Grupo G, subgrupo 4, categoría c)

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: Das 9 ás 13 horas, dentro do prazo de trece días naturais, a partir do seguinte ó da derradeira publicación do anuncio de licitación no BOP ou no Perfil do Contratante, (www.cambre.es).

b) Modalidade de presentación: A documentación presentarase en tres sobres pechados:

- sobre A, subtítuloado “Documentación”, conterà a documentación esixida na cláusula 12.1 do prego.

- sobre B, subtítuloado “Referencias Técnicas”, conterà a documentación esixida na cláusula 12.2 do prego.

-sobre C, subtítuloado “Oferta Económica”, conterà a proposición económica formulada de conformidade co modelo que figura no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares .

c) Lugar de presentación:

1º Dependencia: Concello de Cambre. Rexistro de Entrada, e art. 38.4 da Lei 30/92..

2º Domicilio: Adro, número 1

3º Localidade e código postal: Cambre, 15660.

8. Apertura das ofertas:

a) Dirección: Adro nº 1

b) Localidade e código postal : Cambre, 15660

c) Data e hora: Se publicará no Taboleiro de Anuncios ou no Perfil do Contratante

9. Gastos de publicidade: Serán por conta do adxudicatario.

10. Outras informacións.

Departamento de Secretaría-Contratación, primeiro andar da Casa do Concello, e Perfil do Contratante (www.cambre.es).

11. Pregos de cláusulas administrativas particulares: Perfil do Contratante (www.cambre.es)

Cambre, 13 de novembro de 2009

O Alcalde

Asdo.: Antonio Varela Saavedra

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARNOTA

Solicitud de devolución de fianzas. Mantido, S.L.

D. JOSÉ ANTONIO CASTIÑEIRA CAAMAÑO, con DNI n.º 76342059-E, representante da empresa MANTIDO, SL, solicitou a devolución das fianzas definitivas constituídas para responder da execución das seguintes obras:

- 1.–Pavimentación e saneamento en Vilar de Carnota. POS 2008.
- 2.–Pavimentación de viais en Sarnás e a Janeixa. POS 2008.
- 3.–Beirarrúas en Pedrafigueira Norte. POS 2008.
- 4.–Pavimentación de vial en A Insua. POS 2008.
- 5.–Acondicionamento da estrada dende Baladiño a Xestoso de Carnota e vial en Xestoso. POS 2008.

O que se fai público, en cumprimento do establecido no artigo 88.1 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais, para que durante o prazo dos quince días seguintes á publicación deste anuncio no BOP poidan presentarse as reclamacións ante o Concello de Carnota por quen crea ter algún dereito esixible ao adxudicatario, por razón dos contratos garantidos.

Carnota, 10 de novembro de 2009.

O alcalde

José Domingo Oreiro Rodríguez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Baixa de oficio no padrón municipal de habitantes

ANUNCIO

Por esta alcaldía ditouse, con data 5 de outubro de 2009, resolución pola que se ordena, de acordo co disposto no art. 72 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das EE.LL., incoar expediente de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes das persoas que se relacionan de seguido, polo incumprimento da lexislación vixente, ao figuraren empadroadas incumprindo os requisitos establecidos no art. 54 do Regulamento citado:

- ANA FERREIRO RODRÍGUEZ, DNI 71764714E.

Non sendo posible practicar a notificación no domicilio dos interesados, e de acordo co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, advírteselle por medio deste anuncio que poderán examinar o expediente de baixa de oficio na Secretaría municipal e, así mesmo, formular perante esta alcaldía as alegacións que estimen pertinentes no prazo de dez días contados dende o seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

De non presentar alegacións en prazo, e unha vez recibido o informe favorable do Consello Provincial de Empadroadamento, procederase á baixa da inscrición padroal coa data do informe.

Cee, 11 de novembro de 2009

O alcalde

Ramón Vigo Sambade

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Anuncio de licitación de contrato administrativo por procedimiento abierto con único criterio de adjudicación (factor prezo) para a realización das obras de adecuación ó Decreto 245/2003 de 24 de abril e instalación de sete áreas de xogo.

ANUNCIO DE LICITACIÓN DE CONTRATO ADMINISTRATIVO POR PROCEDIMIENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADJUDICACIÓN (FACTOR PREZO) PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ADECUACIÓN Ó DECRETO 245/2003 DE 24 DE ABRIL E INSTALACIÓN DE SETE ÁREAS DE XOGO DO CONCELLO DE FENE.

1.- Entidade adjudicadora:

- a) Organismo: Concello de Fene
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral (Negociado de contratación).

2.- Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto : "PROXECTO PARA A ADECUACIÓN Ó DECRETO 245/2003 DE 24 DE ABRIL E INSTALACIÓN DE SETE ÁREAS DE XOGO DO CONCELLO DE FENE"

- b) Prazo de execución: 49 días naturais.

3.- Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto con único criterio de adjudicación (factor prezo)

4.- Orzamento base de licitación:

Orzamento: 88.379,50 €, IVE incluído

5.- Garantía provisional:

Non se esixe.

6.- Garantía definitiva:

5% do importe de adjudicación , IVE excluído.

7.- Obtención de documentación e información:

Concello de Fene. Avda do Concello s/n. 15500. FENE.

Teléfono 981492770.- Fax: 981789578

Perfil do contratante: forma de acceso www.fenecidadan.net

8.- Presentación de ofertas:

a) Prazo para a presentación de ofertas : 26 días naturais a contar desde o día seguinte ó da última publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia en horas de 9:30 a 13:30.

b) Documentación que hai que presentar: a determinada na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Fene. Avda. do Concello s/n.- 15500. Fene. A Coruña.

10.- Mesa de contratación, composición:

Presidente: O sr. Alcalde-Presidente, Don Iván Puentes Rivera.

Vocais:

- Don José Antonio López Rodríguez, Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE (suplente Dona Rocío Sampayo)
- Don Manuel V. Pico Sanmartín, Concelleiro do grupo municipal do BNG (suplente D^a Inés Roca Requeijo).
- Dona Rocío Bértoa Puente, Concelleira do grupo municipal do PP (suplente D^a Pilar Fornos Corral).
- Don Manuel Sánchez Martínez, Concelleiro do grupo municipal Mixto.
- Don Lino Ameneiro Seijo, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal.

- Dona Marta Roca Naveira, Interventora do Concello de Fene.
- Dona Pilar María Pastor Novo, Secretaria do Concello de Fene.

Secretario/a: Un/unha funcionario/a do Concello.

11.- Apertura de proposicións:

O acto de apertura do Sobre B celebrarase o sétimo día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións (se coincidise en sábado, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte), ás 12:00 horas na Sala de Comisións da Casa Consistorial do Concello de Fene.

12.- Gastos dos anuncios:

Serán pola conta do adxudicatario (Importe aproximado 2000 euros).

En Fene a 6 de novembro de 2009

O Alcalde-Presidente

Asdo. Iván Puentes Rivera

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Aprobación definitiva Regulamento municipal de venda ambulante e produtos do campo

Publicación aprobación definitiva Regulamento Municipal de Venda Ambulante e produtos do campo do Concello da Laracha

O Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de decembro de 2008, aprobou inicialmente o Regulamento Municipal da Venda Ambulante e Produtos do Campo no Concello da Laracha. O expediente permaneceu exposto ao público polo prazo de trinta días en cumprimento do disposto no artigo 49 b) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. O anuncio correspondente foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 10, de data 14 de xaneiro de 2008, e no taboleiro de edictos deste Concello.

Presentadas alegacións, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de 5 de novembro de dous mil nove acordou:

PRIMEIRO.- Estimar ou desestimar total ou parcialmente as alegacións cos números rexistro de entrada que se dirán e polos motivos que se sinalan en cada caso:

- Ousmane Tine (nº rexistro 932 do 18 de febreiro de 2009); Bassirou Samb Diop (nº rexistro 933 do 18 de febreiro); Cheikh Lo (nº rexistro 934 do 18 de febreiro de 2009); Aly Gueye Gueye (nº rexistro 935 do 18 de febreiro de 2009); Serigne Dieng (nº rexistro 936 do 18 de febreiro de 2009); Thierno Niane Dieng e Abdou Gueye (nº rexistro 937 do 18 de febreiro de 2009); Mamadou Ndour (nº rexistro 938 do 18 de febreiro de 2009): Todos eles manifestan vir exercendo entre de 10 e 24 anos a venda ambulante na Feira de Paiosaco e que agora forman parte dunha cooperativa polo que o artigo 7.4 da Ordenanza que limita ás persoas xurídicas a un máximo de cinco autorizacións, impediría a algúns deles exercer a venda coa nova Ordenanza polo que solicitan que se aumente o número máximo de autorizacións para as cooperativas. ESTIMAR as alegacións xa que non existe impedimento legal para que as cooperativas teñan maior número de autorizacións, de xeito que para englobar aos vendedores que formulan as alegacións estimadas o artigo 7.4 do Regulamento terá a seguinte redacción: "4. A autorización da dereito a un só posto de venda e só poderá outorgarse unha autorización por cada IAE, agás as persoas xurídicas que poderán obter ata un máximo de dez autorizacións, debendo designar á persoa que desenvolverá a venda en cada posto e xustificando a relación laboral ou societaria que lle habilite".

-Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Prazas de Abastos de Galicia (ACAPAG) (nº rexistro 939 de 19 de febreiro de 2009):

a) No artigo 3: eliminar o apartado b) do art. 3.2 porque esta modalidade de venda ambulante está xa cuberta no art. 3.2 c). DESESTIMAR: A distinción das modalidades de venda ambulante do art. 3.2 apartados b) e c) do Regulamento é a mesma que fai o artigo 2.3 apartados c) e d) do Decreto 194/2001, de 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante de Galicia, de xeito que son dúas modalidades de venda ambulante diferentes.

b) No artigo 8.1 e): engadir despois de metros cadrados e metros lineais "(dependendo de cómo se contabilice na Ordenanza Fiscal)". ESTIMAR.

c) No artigo 8.5: eliminar o apartado a). ESTIMAR parcialmente xa que cómpre eliminar a redacción actual do apartado a) pero, para evitar contradicións co resto do articulado, substituírse pola seguinte: "As persoas sinaladas no art. 12 A)"

d) No artigo 11: eliminar os apartados 1. b) e 3. DESESTIMAR: É necesario ter autorizacións diarias ou eventuais para autorizar as modalidades de venda ambulante do art. 3.2 b), c) e d).

e) No artigo 21.1 "Feira de Paiosaco e de Caión": eliminar "a excepción daqueles que por coincidiren con actos ou actividades de grande afluencia de persoas, o Concello estime a conveniencia de que non se celebre a Feira. Neste caso a comunicación aos vendedores ambulantes farase cun mínimo de sete días de antelación". ESTIMAR parcialmente xa que cómpre eliminar a excepción transcrita pero, para evitar contradicións co resto do articulado, substituírse pola seguinte: "coas excepcións sinaladas no art. 14".

f) No artigo 21.2 : engadir no último párrafo "e cumprir coa normativa deste Regulamento". ESTIMAR parcialmente xa que cómpre facer a precisión pero para evitar contradicións co resto do articulado en lugar do engadido proposto engadirase o seguinte: "debendo en todo caso cumprir cos requisitos sinalados no artículo 4 do Regulamento para ter a consideración de suxeito da venda".

SEGUNDO.- Correxir o erro material advertido no art. 2 de xeito que onde di: "Lei 26/1984, de 19 de xullo, xeral para a defensa de consumidores e usuarios", debe dicir "Texto Refundido da Lei xeral de defensa de consumidores e usuarios aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2007, do 16 de novembro".

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o Regulamento Municipal de venda ambulante e produtos do campo do Concello da Laracha coas modificacións sinaladas nos apartados primeiro e segundo do presente acordo.

CUARTO.- O acordo de aprobación definitiva e o texto do Regulamento Municipal de venda ambulante e produtos do campo publicarase no B.O.P, sen que o Regulamento entre en vigor ata que se leve a cabo a publicación e teña transcorrido o prazo sinalado no art. 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

QUINTO.- Contra esta Regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, procédese a publicación do texto de dita ordenanza seguindo o disposto no artigo 70 da Lei de Bases de Réxime Local:

REGULAMENTO MUNICIPAL DA VENDA AMBULANTE E PRODUCTOS DO CAMPO NO CONCELLO DA LARACHA

CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto da norma.

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación da venda ambulante no concello da Laracha nas modalidades que se regulan nel así como a venda de produtos do campo e o seu réxime sancionador, de acordo coas competencias atribuídas aos concellos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no art. 53 da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista; nos arts. 24 a 27 da Lei 10/1988, de 20 de xullo, reguladora do comercio interior de Galicia; o Real Decreto 1010/1985, de 5 de xuño, de regulación do exercicio de determinadas modalidades de venda fora dun establecemento comercial permanente e o Decreto 194/2001, de 16 de xullo, de ordenación da venda ambulante.

Artigo 2. Réxime xurídico

Será de aplicación a esta materia, ademais do contido neste Regulamento, a seguinte normativa:

- Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista
- Texto Refundido da Lei xeral de defensa de consumidores e usuarios aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2007, do 16 de novembro - Lei 10/1988, de 20 de xullo, reguladora do comercio interior de Galicia
- Real Decreto 1010/1985, de 5 de xuño, polo que se regula o exercicio de determinadas modalidades de venda fora dun establecemento comercial permanente
- Decreto 194/2001, de 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante da Xunta de Galicia (DOG núm.161, de 21 de agosto), modificado polo Decreto 171/2002, de 25 de abril (DOG núm. 96, de 21 de maio)
- Demais normativa que sexa de aplicación, especialmente as normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto en concreto.

Artigo 3. Concepto e modalidades de venda ambulante

1.Considérase venda ambulante, para os efectos da presente norma, aquela realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.

2. As modalidades de venda ambulante permitidas no Concello da Laracha serán as seguintes:

a) A venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboación, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadradas entre outras, as realizadas en feiras e mercados.

b) A venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados e que será autorizada con carácter excepcional.

c) A venda ambulante en mercados ocasionais: que é aquela autorizada de maneira non periódica, que teñan lugar con motivo de festas ou acontecementos populares, previamente autorizados pola Alcaldía ou órgano no que delegue.

d) A venda ambulante en camiión ou vehículo-tenda de produtos perecedoiros con carácter itinerante nos lugares e cos itinerarios, no seu caso, que autorice o Concello.

3.- Segundo o art. 2.4 do Decreto 194/2001, do 5 de marzo, non terán a consideración de venda ambulante:

a) Actividades comerciais reguladas pola Lei 1/1996, do 5 de marzo, de actividades feirais de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.

b) Venda directa de produtos agrícolas de tempada exercida polos propios agricultores no seu termo municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción. Aínda que non ten consideración de venda ambulante tamén é obxecto de regulación no presente Regulamento.

Tampouco teñen a consideración de venda ambulante a venda a distancia nin a venda automática mediante máquinas preparadas para o efecto.

Artigo 4. Suxeitos da venda.

A venda ambulante vai poder exercela toda persoa física ou xurídica legalmente constituída e adicada profesionalmente á actividade do comercio polo miúdo e que reúna os requisitos establecidos no presente Regulamento e demais normativa que fose de aplicación.

A venda de produtos agrícolas de tempada van podela exercer as persoas físicas, aínda no caso de que non se adiquen profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo, sempre que reúnan os demais requisitos que para este tipo de venda se establecen neste Regulamento.

Artigo 5. Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante

Para o exercicio da venda ambulante as persoas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser persoa física ou persoa xurídica que se atope legalmente constituída para exercer a actividade de venda ambulante.

2. No caso dos estranxeiros non comunitarios deberán estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo e, se procede dun país comunitario, haberá de ter a tarxeta de residencia.

3. Estar inscritos no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, creado polo Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de Ordenación da Venda Ambulante, e dispor do correspondente documento acreditativo.

4. Estar dada de alta no epígrafe do IAE, modalidade de venda ambulante e no réxime correspondente da Seguridade Social.

5. Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6. Ter contratada e ao día unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.

7. Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicables aos produtos autorizados que teñan á venda.

8. No caso de venda de artigos alimenticios, estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos actualizado.

9. Estar en posesión da autorización municipal correspondente para este tipo de venda.

10. Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil, a obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, disciplina de mercado e protección do consumidor e cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto da venda.

11. As instalacións e maquinaria que se empreguen para os postos de venda terán que ser desmontables e reunirán en todos os casos, as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e decorosa presentación, podéndose ordenar a retirada das instalacións ou maquinaria que non reúnan as devanditas características.

Para o exercicio da venda ambulante en camión ou vehículo-tenda que inclúa mercadorias perecedoiras, deberá cumprir os seguintes requisitos en relación co vehículo:

a) Certificado ATP en vigor.

b) Documentación do vehículo con indicación da clasificación e ITV en vigor.

c) Acta de inspección sanitaria.

CAPITULO II. COMPETENCIAS MUNICIPAIS.

Artigo 6. Correspóndelle ao Concello da Laracha, dentro do seu termo municipal:

1º. Conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante, de acordo co establecido neste Regulamento. O seu outorgamento estará sometido á comprobación previa polo Concello do cumprimento polo peticionario dos requisitos legais en vigor para o exercicio do comercio así como do establecido pola regulación do produto para o que se autoriza a venda.

2º. Revogar ou anular a autorización concedida cando desaparezan as circunstancias que motivaron a súa concesión e segundo o disposto no art. 13 deste Regulamento

- 3°. Fixar na correspondente ordenanza fiscal as taxas para o exercicio da actividade no dominio público municipal.
- 4°. Establecer a ubicación, datas e horarios de celebración das feiras e mercados do Concello, a súa modificación e supresión.
- 5°. Determinar os artigos dos que se autoriza a venda nos mercados que se celebren no termo municipal, de conformidade coa normativa específica que regule a comercialización de cada grupo de produtos e as prohibicións específicas contidas na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de Comercio Interior de Galicia.
- 6°. Establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento do tránsito normal de vehículos e peóns, indicando as vías de circulación e os espazos de aparcamento, carga e descarga.
- 7°. Establecer as condicións de vixilancia e control no desenvolvemento da feira ou mercado
- 8°. Impoñer as sancións correspondentes ás conductas constitutivas de infracción, de acordo co establecido no Capítulo VI do presente Regulamento.

CAPITULO III.- RÉXIME XERAL DE AUTORIZACIÓN.

Artigo 7. Autorización Municipal.

1. O exercicio da actividade regulada neste Regulamento está suxeita ao previo outorgamento de autorización polo órgano municipal competente e de acordo co procedemento previsto neste Regulamento e segundo establecen os arts. 74 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado po Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño; art.26 da Lei 10/1998, de 20 de xullo, reguladora do comercio interior de Galicia e o art. 3 do Real Decreto 1010/1985, de 5 de xuño, de regulación do exercicio de determinadas modalidades de venda fora dun establecemento comercial permanente.
2. As autorizacións concedidas poden ser revogadas de acordo co disposto neste Regulamento, sen que isto dea dereito aos seus titulares a indemnización ou compensación ningunha.
3. A autorización é persoal e intransferible, sen prexuízo do sinalado no artigo 12, e habilitará ao exercicio da venda ambulante ao seu titular e tamén: ao seu cónxuxe ou parella de feito ou persoa con relación análoga de afectividade, aos ascendentes e descendentes directos maiores de 16 anos ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade e as persoas vinculadas mediante contrato laboral e ata un máximo de dous autorizados, debendo en todo caso ter informado ao Concello da Laracha.
4. A autorización da dereito a un só posto de venda e só poderá outorgarse unha autorización por cada IAE, agás as persoas xurídicas que poderán obter ata un máximo de dez autorizacións, debendo designar á persoa que desenvolverá a venda en cada posto e xustificando a relación laboral ou societaria que lle habilite.

Artigo 8. PROCEDEMENTO

- 8.1.- A autorización para o exercicio da actividade deberá ser solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en impreso formalizado no que se fará constar:
 - a) Nome e apelidos, enderezo para os efectos de notificacións, número de identificación fiscal (NIF) e no caso de estranxeiros, o núm. do NIE. Iguais datos faranse constar cando a solicitude se formule por representante autorizado.
 - b) Feira ou mercado no que se pretende exercer a actividade de venda e o emprazamento solicitado.
 - c) Mercadorías ou artigos que pretende sexan obxecto da venda.
 - d) Tempo polo que se solicita a autorización.
 - e) Dimensións, expresadas en m² e m. Lineais (dependendo de cómo se contabilice na Ordenanza Fiscal), do espacio de ocupación que pretende, indicando, para estes efectos, se a venda se pretende realizar en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón.
- 8.2.- O impreso da solicitude acompañarase da seguinte documentación e dos orixinais correspondentes para o seu cotexo:
 - a) Fotocopia do NIF do solicitante e, no caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte, do permiso de residencia e de traballo ou da tarxeta de residencia en vigor, segundo se trate de estranxeiros e países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente, ou a documentación esixida en cada momento pola lexislación de estranxeiría
 - b) Copia do alta na Seguridade Social e xustificante do último pago realizado das cotas correspondentes
 - c) Copia do documento acreditativo de estar dado de alta no Rexistro Autonómico de Vendedores Ambulantes
 - d) Se a autorización afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.

e) Declaración de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou xustificante que acredite o aprazamento do pagamento.

f) Alta no epígrafe do IAE na modalidade de venda ambulante.

g) Documentación acreditativa da constitución legal e a inscrición no Rexistro Mercantil para o suposto de que se trate de persoa xurídica.

h) Copia cotexada do recibo que acredite a vixencia do seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura de calquera clase de risco que a maquinaria, instalacións ou produtos, poidan orixinar.

i) No caso de venda mediante camión ou vehículo-tenda, certificado ATP en vigor, copia do permiso de circulación do vehículo, tarxeta de Inspección Técnica de Vehículos (ITV), último recibo de pago do seguro obrigatorio de vehículos de motor e acta de inspección sanitaria.

8.3.- En caso de que a solicitude ou documentación presentada non sexa correcta, concederáse un prazo de dez días para a súa subsanación, de acordo co que establece o art.71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

8.4.- O órgano competente para a concesión ou denegación da autorización é o Alcalde, previa comprobación do cumprimento dos requisitos esixibles.

8.5.- No caso de que o número de autorizacións estea limitado, establécense a seguinte orde de prioridades:

a) As persoas sinaladas no art. 12 A)

b) Por rigorosa orde de solicitude, para os restantes peticionarios.

Artigo 9. Outorgamento da Autorización Municipal.

Unha vez recibida a notificación da concesión provisional da autorización, os solicitantes, deberán presentar, no prazo de 15 días hábiles, a seguinte documentación acompañados dos orixinais para o seu cotexo:

1. Dúas fotografías actuais do solicitante tamaño carné.

2. Xustificante do pago das taxas municipais polo exercicio da venda no dominio público municipal.

3. Declaración escrita na que se manifieste o compromiso de que a persoa que vai exercer directamente a venda ambulante será o titular da autorización, actuando exclusivamente por conta e nome propios, así como a declaración, igualmente expresa, de coñecer e cumprir as normas ás que debe axustarse a súa actividade.

4. Nome da persoa ou persoas autorizadas polo titular para o exercicio da actividade e xustificante acreditativo da relación que os une ao titular: certificado de nacemento ou copia cotexada do Libro de Familia ou copias cotexadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenvolver a actividade ademais do titular conforme ao artigo 7.3 do Regulamento ou das persoas que o farán en nome do titular cando sexa persoa xurídica segundo o artigo 7.4 do Regulamento, debendo neste último caso as persoas designadas realizar a declaración á que se refire o apartado anterior de cumprir as normas ás que debe axustarse a súa actividade.

De non se presentar toda a devandita documentación no prazo concedido, non terá validez a autorización provisional previamente recoñecida.

Artigo 10. Contido da Autorización.

O Concello da Laracha expedirá as autorizacións en documento normalizado, no que se farán constar os datos esixidos polo artigo 14 do Decreto 194/2001:

- Identificación do titular, con nome completo, número do DNI e fotografía.

- Prazo de vixencia da Autorización.

- Modalidade de comercio ambulante autorizado.

- Dimensións e tipo de posto a instalar, e o seu emprazamento no perímetro delimitado.

- Productos autorizados para a venda.

- Condicións particulares ás que se suxeita a autorización da actividade, de se-lo caso

- Persoas autorizadas para a venda.

O documento orixinal e normalizado da Autorización deberá ser exhibido polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada en lugar perfectamente visible.

Queda expresamente prohibido o intercambio de emprazamentos no perímetro delimitado e non se poderá ocupar o sitio doutros postos ante a falta de presenza dos seus titulares.

As colocacións vacantes por baixa na autorización de venda ambulante serán asignados da seguinte forma:

- Abrirase un prazo de 30 días naturais para que os titulares doutros postos do mesmo tipo (PA, PB, PC) poidan solicitar o cambio para o emprazamento vacante, que se publicitará no taboleiro de anuncios do Concello de Laracha e na propia Feira ou mercado.

- De ser solicitado o sitio por mais dun titular, asignarase por orde estricta de antigüidade da autorización de venda ambulante no Concello de Laracha, en período continuo.

- De non ser solicitado por titulares doutros emprazamentos, asignarase a novas altas de autorización de venda ambulante.

Os emprazamentos vacantes por traslados autorizados dos seus titulares a outro lugar serán asignados na mesma forma que os emprazamentos vacantes por baixa na autorización de venda ambulante.

-O concelleiro encargado da Feira ou a Policía Local da feira poderá ordenar o cambio provisional de colocación dos postos con motivo da realización de obras nas rúas e prazas onde están colocados, por motivos de seguridade ou por outras causas debidamente xustificadas de interese público.

Artigo 11. Vixencia e renovación da Autorización

1. Atendendo a súa vixencia as autorizacións poden ser de dous tipos:

a) As de carácter anual

b) As de carácter diario ou eventual para ambulantes en ruta, ambulantes ocasionais e pequenos industriais ou artesáns

2. A concesión de autorizacións anuais poderán renovarse anualmente previa solicitude dos titulares que deberán presentala entre o 1 e o 31 de xaneiro de cada ano.

3. Aqueles interesados en exercer a actividade ocasionalmente durante días illados, deberán presentar a súa solicitude de acordo co establecido neste Regulamento, polo menos quince días antes daquel en que se inicie a actividade.

Artigo 12. Traspaso da Autorización municipal de venda ambulante.

A) As autorizacións non poderán ser transmitidas por ningunha modalidade nin inter vivos nin mortis causa, agás ás persoas que figuren como habilitadas para a venda na autorización segundo o artigo 9.4. No caso de persoa vinculada mediante contrato laboral deberá ter unha antigüidade continuada de tres anos e na mesma autorización. No caso das persoas xurídicas só se permitirá a cesión á persoa designada para realizar a venda e que leve desenvolvendoa tres anos continuados.

Terá preferencia quen figure en primeiro lugar na autorización como habilitado para a venda polo titular da autorización.

B) No caso de enfermidade do titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio da actividade, a Administración, a petición do titular, sempre que non houbera autorizado ningunha persoa para o exercicio da venda ambulante segundo o sinalado nos artigos 7.3 e 9.4 do Regulamento, terá dereito a reserva polo prazo da enfermidade, sempre que non supere o prazo de 12 meses.

Artigo 13. Extinción da Autorización Municipal.

1. Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta Regulamento, as autorizacións extínguense por:

a) Transcurso do prazo polo que se outorgaron, sen solicitar a renovación.

b) Falta de pago das taxas municipais correspondentes, dentro do prazo voluntario establecido ao efecto.

c) Renuncia expresa e escrita do titular.

d) Causas de interese público sobrevidas, incluso antes da terminación do prazo polo que se outorgou a autorización.

e) Morte do titular.

f) Traspaso da autorización segundo o disposto no artigo 12.

g) Perda dalgún dos requisitos establecidos no seu outorgamento.

h) Non asistir a tres feiras ou mercados consecutivos ou seis alternos, ao longo da vixencia da autorización, salvo causa xustificada que deberá poñer en coñecemento do Concello, quedando ao criterio do órgano que outorgou a autorización.

i) Falta de pago das sancións municipais que se impuxesen.

j) Cometer algunha das infraccións contidas nesta Regulamento, tipificadas como infracción grave, ou moi grave, ou reincidir na infracción.

2. Salvo nos supostos de extinción polo transcurso do prazo, que operará automaticamente, os expedientes de extinción poderán iniciarse de oficio ou a instancia de parte, correspondendo a súa resolución ao Alcalde ou concelleiro ou órgano municipal en quen delegue.

Todo expediente de extinción será sometido a información pública durante quince días mediante nota-anuncio que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, e no mercado ou feira.

CAPÍTULO IV.- DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 14. Dereitos dos titulares da autorización

As persoas autorizadas para o exercicio da venda ambulante, segundo o establecido nos artigos anteriores da presente Regulamento, terán dereito a exercela nos días e lugares autorizados, salvo que coa debida antelación o Concello lles comunique a súa imposibilidade por concorrer causas de interese público debidamente xustificadas. Sempre que sexa posible, o Concello habilitará outro lugar ou autorizará outras datas para que se desenvolva a actividade.

Artigo 15. Obrigas das persoas autorizadas

A autorización municipal implica as seguintes obrigas ao seu titular:

a). En canto á venda:

1. Ter á vista a autorización formalizada polo Concello.
2. Respetar os horarios da feira ou mercado no que estea autorizado, aínda que esgote as mercadorías.
3. Ir á feira, mantendo o posto con actividade, tendo que comunicar ao Concello a ausencia temporal xustificada
4. Realizar a venda de aqueles produtos para os que estea autorizado.
5. Cumprimento da normativa de protección ao consumidor e da que regula cada tipo de venda, a de prezos e etiquetado.
6. Conservar as facturas e albaráns de entrega da mercadoría posta á venda
7. Ser respectuoso coa clientela e cos axentes da autoridade encargados do control e vixilancia da feira ou mercado

b). Con relación aos postos:

1. Non se poderá ocupar un espazo superior ao da superficie autorizada
2. Deberán de conservarse os postos, así como a superficie ocupada en perfecto estado de limpeza
3. O espazo ocupado deberá de quedar, tras a retirada do posto, libre de lixos
4. Prohíbese o emprego de anclaxes ou elementos que danen o pavimento ou superficie sobre a que se coloquen os postos, salvo aqueles instalados ó efecto polo Concello.

CAPÍTULO V. INSPECCIÓN

Artigo 16.-

Este Concello por mediación do servizo de Policía Local o por quen designe a Alcaldía, vixiarán e garantirán o cumprimento polos titulares das autorizacións do que dispón esta Regulamento e demais normativa aplicable, especialmente en canto ás esixencias e condicións hixiénico-sanitarias.

CAPITULO VI RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 17.- Infraccións.

1. As infraccións e correspondentes sancións relatadas pola normativa referida no artigo 17 do Decreto 194/2001 e na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, tramitaranse e aplicaranse segundo os devanditos textos legais, así como nas normas que os desenvolven.

2. Constitúen infraccións ao presente Regulamento as seguintes condutas, que se clasificarán en leves, graves e moi graves.

A) Serán faltas leves:

- a falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circundante, e non depositar o lixo nos lugares asinados polo concello,
- instalar o posto fóra do lugar sinalado, sempre e cando non prexudique a terceiro nin altere o normal desenvolvemento da feira ou mercado,
- non respectar os horarios establecidos polo Concello para cada feira ou mercado,
- aumentar a superficie do posto con máis metros dos autorizados, ou non gardar a distancia establecida entre postos,

- non ter á vista a Autorización Municipal de Venta Ambulante en vigor.
- os incumprimentos do presente Regulamento non tipificados como falta grave ou moi grave.

B) Serán faltas graves:

- a reiteración por tres veces en faltas leves no período dun ano,
- non cumprir as normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos,
- non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadoría.
- o estacionamento de vehículos non autorizados dentro do recinto da feira ou mercado, fóra das horas de montaxe e desmontaxe dos postos,
- a desobediencia das instrucións particulares de bo goberno transmitidas polos Axentes da Autoridade, desatender as normas de orde e indicacións da Policía Municipal.
- o intercambio de colocacións dos postos entre distintos titulares.
- a ocupación de sitios por ausencia dos seus titulares.

C) Serán faltas moi graves:

- a reiteración por tres veces de faltas graves nun ano,
- o exercicio da actividade por persoa diferente da titular da autorización ou persoas habilitadas,
- a instalación dos postos sen autorización,
- a venda de produtos distintos dos autorizados ou prohibidos pola Lei,
- a venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde,
- non estar en posesión dalgún dos documentos necesarios para a solicitude da autorización municipal.
- non estar inscrito no Rexistro de Autónomo de Vendedores Ambulantes
- non estar inscrito no IAE ou non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou coa Seguridade Social respecto da actividade de venda ambulante.

Artigo 18. Sancións:

As sancións que se aplicarán, pola comisión das conductas constitutivas de infracción da presente Regulamento, serán:

1. Por faltas leves, multas de 90,00 euros.
2. Por faltas graves, multas de 90,01 a 300,00 euros e poderá levar consigo a suspensión temporal da autorización para a venda ambulante de 1 a 6 meses.
3. Por faltas moi graves:
 - multas de 300,01 a 1.500,00 euros e poderá levar consigo a suspensión ou revogación da autorización coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados na autorización para a venda ambulante, dos prohibidos pola Lei ou dos que podan producir dano para á saúde.
4. Correspóndelle ao Alcalde a imposición das sancións polas infraccións tipificadas no presente Regulamento.

Artigo 19. Medidas cautelares.

En todos os casos de suposta infracción establecidos nos artigos anteriores poderase, ao tempo de apreciarse a súa comisión, reter cautelarmente a autorización de venda ambulante e comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados na autorización para a venda ambulante, dos prohibidos pola Lei ou dos que podan producir dano para á saúde, en tanto se tramita o expediente correspondente e se resolve definitivamente a sanción a aplicar.

O tempo de duración da retención cautelar da autorización será reducido do que, se é o caso, se fixe na sanción e, durante a súa vixencia suporá a prohibición de exercer a actividade comercial.

Artigo 20. Procedemento

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta Regulamento será de aplicación o Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora; a Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e demais normas concordantes.

CAPITULO VII. CONDICIÓN ESPECÍFICAS DE CADA MODALIDADE DE VENDA AMBULANTE

Artigo 21. Modalidades

As feiras e mercados que se realizan no Concello da Laracha son:

1. Feira de Paiosaco e Feira de Caión
2. Outras feiras e mercados de carácter ocasional
3. A venda ambulante en camiión ou vehiculo-tenda de productos perecedoiros con carácter itinerante.

1.- Feira de Paiosaco e Feira de Caión.

Celébranse no Concello da Laracha como un xeito de desenvolvemento da comunidade, de dinamizar a producción da comarca e estimular o intercambio económico, mantendo esta forma de comercio tradicional.

UBICACIÓN:

Actualmente a zona destinada a actividade de venda ambulante é a comprendida nas seguintes rúas:

- Praza Campo da Feira para a Feira de Paiosaco.
- Rúa Campo da Insua para a Feira de Caión.

O Concello poderá modificar o emprazamento das Feiras por causas de forza maior, de interese xeral ou municipal, mediante acordo do sr. Alcalde do que se dará conta ao Pleno da Corporación debendo en todo caso ter unha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta o cumprimento das normas sobre sanidade, hixiene, respecto ao medio urbano onde se instale e conte con superficie pavimentada e suficientes contedores destinados á recollida de refugallos ocasionados pola actividade comercial.

Os postos de venda instalaranse no espacio delimitado polo Concello, deixando libre os accesos a edificios de uso público, establecementos industriais ou comerciais, o espacio diante dos escaparates ou exposicións, e de xeito que non se dificulten tales accesos á circulación peonil.

Unha vez transcorrido o horario de montaxe dos postos, queda prohibida a permanencia ou entrada de calquera vehículo no recinto do mercado, salvo días de temporal ou forza maior. Esta prohibición non afecta aos vehículos-tenda ou aqueles outros vehículos que son necesarios para a realización da venda ambulante, que en todo caso, requiriran a autorización previa do Concello.

DATAS:

Os días de feira serán o primeiro e o terceiro domingo de cada mes para a Feira de Paiosaco e, todos os luns a Feira de Caión, coas excepcións sinaladas no art.. 14.

HORARIO:

- a) Montaxe dos postos: deberá efectuarse entre as 8:00 e as 10:00 h.
- b) Actividade comercial: de 8:00 a 15:30 h.
- c) Carga e recollida dos postos: de 14:00 a 15:30 h.

Excepcionalmente, por causa xustificada e previa autorización do Concello, poderase rematar a actividade comercial e proceder a carga e recollida do posto entre as 15:00 e as 16:00.

VENDEDORES:

Poderán exercer a venda ambulante todos os comerciantes que posúan a correspondente Autorización municipal, nas condicións nela recollidas.

POSTOS:

- 3 tipos de postos. Dimensións :

- PA: postos de ata 9 metros de fronte x5 metros de fondo : 45 metros cadrados.
PB: postos de ata 6 metros de fronte x5 metros de fondo : 30 metros cadrados.
PC: postos de ata 3 metros de fronte x5 metros de fondo : 15 metros cadrados.

- A venda autorizarase en postos con estrutura facilmente desmontable e transportable, cunha cobertura de lona ou toldo impermeable ou en camiión ou vehículo tenda que deberán ser dunhas condicións axeitadas ás características dos productos autorizados en cada caso.

- Debe ter unha tarima cunha altura mínima, a contar dende o chan, de 0,60m.
- Deben ter un receptáculo con tapadeira dentro do posto para verter os residuos xerados na actividade do comercio.

- Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os produtos.

- Os postos teñen que estar en boas condicións de aseo e hixiene.

PRODUCTOS:

Os artigos autorizados para a venda nos postos desmontables son:

1. Alimentación: froita, hortalizas e verduras, patacas, queixos do país e curados, etiquetados, ovos, embutidos, carnes curadas, produtos do forno e churros ou produtos semellantes.

2. Xeral: téxtil e calzado .

3. Artesanía e bixería en xeral.

4. De tempada: árbores frutais, plantas e flores.

Queda expresamente prohibida a venda de carnes e caza frescas, refrixerados e conxelados, peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite, queixos frescos, requeixos, nata, manteiga, iogures e outros produtos lácteos frescos, pastalaría e dozaría rechea ou guarnecida, pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados ou outras semi-conservas, así como aquel outros produtos que polas súas especiais características e a xuízo da autoridade competente leven riscos sanitarios. Non obstante poderase permitir a venda dos produtos anteriormente citados cando dispoñan de instalacións frigoríficas ou estean debidamente envasados.

O Concello poderá non autorizar en determinados momentos a venda de produtos que poidan ser prexudiciais para a saúde pública. Igualmente estará prohibida a venda daqueles produtos cando a normativa específica así o estableza.

A venda de produtos perecedoiros adecuarase en todo momento as condicións e esixencias hixiénico-sanitarias vixentes. En caso de infraccións a tales leis ou normas, estableceranse as oportunas sancións pola administración competente.

A autoridade municipal poderá comisar os que non cumprisen tales condicións, e baixo a consideración de falta moi grave abrir o oportuno expediente sancionador ao responsable da venda. Nos supostos en que sexa previsible o comiso dos produtos, poderase proceder á intervención cautelar destes.

2.- Festas populares e outros mercados ocasionais.

Este tipo de feiras ou mercados poderaos organizar o Concello da Laracha, de xeito periódico ou esporádico, mediante acordo do sr. Alcalde que fará público do xeito que acade a maior difusión posible, como unha maneira de fomentar o turismo do Concello, ou para lograr a revitalización comercial dun sector artesanal ou de interese para a comarca.

No devandito acordo fixarase:

A ubicación dos devanditos mercados.

Días e horario de celebración dos mesmos.

Productos autorizados.

Condicións específicas dos postos, se fosen esixibles.

As especialidades respecto do réxime xeral de outorgamento de autorizacións, tales como vixencia da mesma, prazo de solicitude, persoas recollidas na súa vixencia, debendo en todo caso cumprir cos requisitos sinalados no artigo 4 do Regulamento para ter a consideración de suxeito da venda.

3. A venda ambulante en camión ou vehículo-tenda.

A venda ambulante en camión ou vehículo-tenda de produtos perecedoiros con carácter itinerante queda autorizada nos núcleos rurais de poboación, quedando expresamente prohibida nos núcleos urbanos de Laracha, Caión e Paiosaco.

CAPÍTULO VIII. VENDA DE PRODUCTOS DO CAMPO.

Artigo 22.

A venda directa de produtos agrícolas de tempada exercida polos propios agricultores no seu termo municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción non ten a consideración de venda ambulante segundo se sinala no artigo 3.3 b) do presente Regulamento.

Non obstante, tendo reservado un espazo nas Feiras de Paiosaco e Caión para este fin, cómpre establecer as seguintes condicións para o seu exercicio:

a) Ter veciñanza na concello da Laracha ou nos concellos limítrofes de Arteixo, Carballo, Cerceda ou Culleredo ou outro pertencente á comarca de Bergantiños

b) Non ocupar co posto máis de 4 metros cadrados (2 metros de fronte x 2 m. de fondo)

c) Deberán cumprir as condicións sinaladas para a venda de produtos alimentarios sinaladas no presente Regulamento.

d) En ningún caso poderán exhibirse os produtos directamente enriba do chan, debendo estar en mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade, ou directamente en cestas ou paxes, situados a unha altura mínima do chan de 60 cm. e protexendo as mercadorías da choiva e do sol.

No caso de requirir maior ocupación terán a consideración de venda ambulante e deberán obter autorización municipal para a venda ambulante nos espazos das Feiras reservados para a venda de produtos alimentarios por persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas e adicadas profesionalmente á actividade do comercio polo miúdo.

Disposición adicional. Quedan excluídos do ámbito desta Regulamento a regulación dos postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente.

Disposición transitoria. Para a renovación das autorizacións existentes na actualidade á solcitude á que se refire o artigo 11.2 deberá presentarse no prazo dun mes desde a entrada en vigor do presente Regulamento.

Disposición final primeira. O presente Regulamento foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 12 de decembro de 2008, e entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición final segunda. Para o non previsto neste Regulamento será de aplicación o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista, na Lei 10/1988, de 20 de xullo, reguladora do comercio interior de Galicia, no Real Decreto 1010/1985, de 5 de xuño, de regulación do exercicio de determinadas modalidades de venda fora dun establecemento comercial permanente e no Decreto 194/2001, de 16 de xullo, de ordenación da venda ambulante.

Contra esta Regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Laracha, 6 de novembro de 2009

O alcalde

José Manuel López Varela

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Aprobación inicial Regulamento Municipal da prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Laracha

Aprobado inicialmente o Regulamento Municipal da prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Laracha en sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 5 de novembro de 2009, ábrese un período de información pública polo prazo de trinta días, contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que calquera persoa física ou xurídica poda examina-lo expediente na Secretaría do Concello e formular as alegacións que estimen pertinentes.

Horario: de 9.00 a 14.00 horas.

A Laracha, 10 de novembro de 2009

O Alcalde

José Manuel López Varela

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Decreto delegación específica José Ramón Martínez Barbeito

DECRETO DE DELEGACIÓN ESPECÍFICA

Don José Manuel López Varela, Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de A Laracha, en virtud de lo dispuesto en el artículo 51 del Código Civil, artículos 23 de la LRBRL 7/85, artículos 44 y 47 del ROF 2568/1986, artículos 63 de la Ley 5/97 de 22 de julio de Administración Local de Galicia y demás normativa concordante,

RESUELVO:

1.-Delegar a favor de D. JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO, Primer Teniente de Alcalde de este Ayuntamiento, la atribución para autorizar la celebración de matrimonio el día 14 de noviembre de 2009, a las 13:00 horas en el salón de plenos de la Casa Consistorial

2.-Mandar publicar esta resolución en el Boletín Oficial de la Provincia

3.-Dar cuenta al Pleno en la primera sesión que se celebre

A Laracha, 11 de noviembre de 2009

El Alcalde

José Manuel López Varela

El 1º Tte. de Alcalde

José Ramón Martínez Barbeito

Ante mí, El Secretario

Miguel Iglesias Martínez

2009/16762

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A POBRA DO CARAMIÑAL

Edicto referido ó imposto de taxas polo servizo de recolleita de lixo (segundo semestre), taxas municipais e IAE correspondentes ó exercicio 2009

EDICTO

Aprobándose por resolución da Alcaldía con data 27 de outubro de 2009 os padróns de taxas por servizo de recolleita de lixo (2.º semestre), I.A.E. e taxas municipais que rexerán para o exercicio de 2009, e que se porán ó cobramento desde o 1 de novembro ata o 31 de decembro, quedan expostos ó público polo período de quince días hábiles para o seu exame e reclamacións.

A Pobra do Caramiñal, 28 de outubro de 2009.

O ALCALDE

Asdo. Isaac Maceiras Rivas

2009/16271

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBEIRA

Licencia

EDICTO

Intentada en su día la notificación del presente escrito en el domicilio de D^a ROSA M^a POMBO ZAPATA sito en C/ Irmandiños, 16-2º Izqda., de Riveira, sin que se pudiese practicar a la interesada, por no encontrar a nadie en ese domicilio, según consta en diligencia efectuada por el Servicio de Correos; a tenor de lo dispuesto en el art. 59.5 de la Ley 30/92, de 26 de Noviembre, reguladora del Régimen Jurídico y del Procedimiento Administrativo Común, modificado por la Ley 4/99, de 13 de enero, procede para garantizar el trámite de la notificación, la publicación en el BOP y en el tablón de edictos del Ayuntamiento, el presente escrito:

“ASUNTO: Aviso de posible caducidad de procedimiento.

En relación con el expediente promovido por Ud. para cambio de titularidad de la licencia municipal de apertura del establecimiento dedicado a comercio al por menor de prensa, libros y golosinas sito en C/ Rosalía de Castro, 37-Bajo, de esta Ciudad; el cual se encuentra paralizado por falta de documentación, requerida por esta Administración en escrito de fecha 24-11-2008, notificado el 04-12-2008.

Esta Alcaldía, de conformidad con lo dispuesto en el art. 92.1 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, que dice: “En los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, cuando se produzca su paralización por causa imputable al mismo, la Administración le advertirá que, transcurridos tres meses, se producirá la caducidad del mismo. Consumido este plazo sin que el particular requerido realice las actividades necesarias para reanudar la tramitación, la Administración acordará el archivo de las actuaciones”; pone en su conocimiento que dicho plazo comenzará a contar a partir de la notificación del presente escrito.

Contra el presente escrito no cabe recurso alguno, por ser mero acto de trámite. Todo esto, sin perjuicio de que por el interesado se interponga aquel que se considere ajustado a derecho.”

Riveira, 28 de octubre de 2009.

EL ALCALDE acctal.,

Fdo. Vicente García Rivas. .

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SOBRADO

Adjudicación definitiva contrato de obra POS-2009

ANUNCIO

En cumprimento do establecido no art. 138 da Ley de contratos do sector público, faise público que a Xunta de Goberno Local, na sesión de data 21 de outubro de 2009, adoptou o acordo de adjudicación definitiva do contrato da obra de "Pavimentado de la calle del Mercado" (POS-2009), á empresa CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L., con CIF B-15165004, polo prezo de 83.494,68 €, máis 13.359,15 € de IVA.

Sobrado, 10 de noviembre de 2009

Alcalde,

Asdº.- Jacobo Fernández García

2009/16759

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIMIANZO

Resolución da Alcaldía sobre a incoación de oficio de expediente de baixa no padrón municipal de habitantes

Visto o escrito presentado por un veciño deste municipio no que comunica que no seu enderezo figura empadroadado unha persoa que na actualidade non se atopan residindo neste municipio.

Neste escrito remata solicitando que se inicie o trámite correspondente para proceder a dar de baixa no padrón municipal de habitantes a dita persoa.

Tendo en conta o establecido na Resolución do 9 de abril de 1997 da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia pola que se dispón a publicación da Resolución do 1 de abril da presidenta do INE e do director xeral de Cooperación Territorial, pola que se ditan instrucións técnicas ós concellos sobre a xestión e revisión do padrón municipal (BOE núm. 84, do 11 de abril de 1997).

A referida Resolución no seu apartado de xestión de baixas e, en concreto, en relación coas baixas por inscrición indebida, no apartado C.2), establece: "Que segundo o artigo 72 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais o Concello dará de baixa de oficio por inscrición indebida a quen es figuran empadroados incumprindo os requisitos establecidos no artigo 54 do dito regulamento, unha vez comprobada esta circunstancia no correspondente expediente no que se dará audiencia ó interesado."

Tendo coñecemento este Concello de que a persoa que se cita non residen no enderezo no que figura empadroadada, segundo o informe emitido polo policía local.

Tendo en conta que lle foi notificada o interesado a Resolución da Alcaldía, comunicándolle a incoación de oficio do expediente para dala de baixa no padrón municipal de habitantes e que non foi posible realizar, por non atoparse o interesado no seu enderezo. Esta notificación foi practicada con dous intentos, en distinto día e distinta hora.

Tendo en conta os preceptos legais citados con anterioridade, a Alcaldía, RESOLVE:

Primeiro.- Comunicarlle á persoa que se cita que se procedeu a incoar de oficio o expediente para dala de baixa no padrón municipal de habitantes deste municipio, por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 54 do citado Regulamento.

Segundo.- Concederlle un prazo de quince días hábiles, que se contará a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no BOP, para que manfieste se está ou non de acordo coa baixa, podendo alegar ou presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes, co obxecto de acreditar que é neste municipio no que residen o maior número de días ó ano, ou ben manfieste de forma expresa a súa conformidade coa dita baixa, comunicando un municipio ou país no que viven habitualmente.

A persoa afectada por este expediente de oficio é a seguinte:

- Jose Souto Alvite con enderezo no lugar de Tufións, 65 C, parroquia de Cereixo

Mediante este anuncio notifícaselle a persoa citada con anterioridade o contido desta Resolución, segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/92 da LRX-PAC, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Vimianzo, 9 de novembro de 2009.

O alcalde

Alejandro Rodríguez Lema

A secretaria

María Cristina Varela García

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE INSTRUCCIÓN

INSTRUCCIÓN 3 FERROL

Juicio de faltas 400/2009-F

EDICTO

DÑA. ELENA ARMESTO BAYON, SECRETARIA SUSTITUTA DEL JDO. INSTRUCCION Nº 3 DE FERROL,

DOY FE Y TESTIMONIO:

Que en el Juicio de Faltas nº 400/2009-F se ha dictado la sentencia, que en su encabezamiento y parte dispositiva dice:

SENTENCIA

En Ferrol, 11 de Agosto de 2009,

Doña LARA Mª MUNÍN SÁNCHEZ, Juez sustituta del Juzgado de Instrucción número 003 de FERROL, tras haber visto los presentes autos de Juicio de Faltas nº 400/2009 seguidos ante este juzgado por una supuesta falta de hurto, con intervención del Ministerio Fiscal y con la participación en calidad de denunciante de Ana María Núñez García y en calidad de denunciada de Dalila Yousefzadeh Kalimi, quien no compareció.

FALLO

Que debo condenar y condeno a Dalila Yousefzadeh Kalimi como autora responsable de una falta de hurto del artículo 623.1 del Código Penal, a la pena de ocho días de localización permanente, con expresa condena en costas a la misma.

Esta resolución no es firme y contra la misma cabe interponer recurso de apelación para su resolución por la Ilma. Audiencia Provincial de A Coruña, por escrito motivado ante este mismo Juzgado en los cinco días siguientes al de su notificación.

Así por esta mi sentencia, lo pronuncio, mando y firmo.

Sigue: Firma del Magistrado-Juez

PUBLICACION: Firmado, El Secretario

- Y para que conste y sirva de Notificación de Sentencia a DALIDA YOUSEFZADEH KALIMI, actualmente en paradero desconocido, y su publicación en el Boletín Oficial de A Coruña, expido la presente en FERROL a veintisiete de Octubre de dos mil nueve.

LA SECRETARIA

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE INSTRUCCIÓN

INSTRUCCIÓN 3 FERROL

Juicio de faltas 383/2009-F

EDICTO

DÑA. ELENA ARMESTO BAYON, SECRETARIA SUSTITUTA DEL JDO. INSTRUCCION Nº 3 DE FERROL,

DOY FE Y TESTIMONIO:

Que en el Juicio de Faltas nº 383/2009-F se ha dictado sentencia, que en su encabezamiento y parte dispositiva dice:

SENTENCIA

En Ferrol, 11 de agosto de 2009,

Doña LARA Mª MUNÍN SÁNCHEZ, Juez sustituta del Juzgado de Instrucción número 003 de FERROL, tras haber visto los presentes autos de Juicio de Faltas nº 383/2009 seguidos ante este juzgado por una supuesta falta de estafa, con intervención del Ministerio Fiscal y con la participación en calidad de denunciante de José Luis Campelle Villar y en calidad de denunciada de Melvy Malala Soria, quien no compareció.

FALLO

Que debo condenar y condeno a Melvy Malala Soria como autora responsable de una falta de estafa del artículo 623.4 del Código Penal, a la pena de treinta días de multa con una cuota diaria de cuatro euros y responsabilidad personal subsidiaria para el caso de impago, con expresa condena en costas a la misma. Asimismo, deberá indemnizar a José Luis Campelle Villar en la suma de cuarenta y cinco euros (45€).

Esta resolución no es firme y contra la misma cabe interponer recurso de apelación para su resolución por la Ilma. Audiencia Provincial de A Coruña, por escrito motivado ante este mismo Juzgado en los cinco días siguientes al de su notificación.

Así por esta mi sentencia, lo pronuncio, mando y firmo.

Siguen: Firma del Magistrado-Juez

Publicación: Firmado El Secretario

Y para que conste y sirva de Notificación de Sentencia a MELVY MALALA SORIA, actualmente en paradero desconocido, y su publicación en el Boletín Oficial de A Coruña, expido la presente en FERROL a veintisiete de Octubre de dos mil nueve.

EL SECRETARIO

Fdo. ELENA ARMESTO BAYON

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE INSTRUCCIÓN

INSTRUCCIÓN 3 FERROL

Juicio de faltas 42/2009-J

EDICTO

D./DÑA. ELENA ARMESTO BAYON SECRETARIO DEL JDO. INSTRUCCION N.3 DE FERROL

DOY FE Y TESTIMONIO:

Que en el Juicio de Faltas nº 42 /2009 se ha dictado la presente sentencia, que en su encabezamiento y parte dispositiva dice:

En Ferrol, a 30 de Abril de 2009.

El Ilmo. Sr. D. ALEJANDO MORÁN LLORDÉN, Magistrado-Juez del Juzgado de Instrucción número Tres de esta ciudad, habiendo visto y oído las actuaciones del Juicio Verbal de Faltas seguidas en este Juzgado con el Número J. FALTAS 42/09, en virtud de denuncia, siendo partes Gloria María Castro Cuba, José Francisco Franco Morente y el Ministerio Fiscal, viene en dictaren nombre de S.M. el Rey de España la siguiente:

FALLO

Que debo absolver y absuelvo libremente a José Francisco Franco Morente de la falta por la que venía siendo denunciado, con declaración de las costas de oficio.

Notifíquese esta resolución a las partes previniéndoles de que contra la misma podrán interponer recurso de Apelación en el plazo de los cinco días siguientes al de su notificación.

Así por esta mi sentencia, de la que se unirá certificación a las actuaciones originales para su notificación y cumplimiento, lo pronuncio, mando y firmo.

E/S.S.ª. ILTMA.

Y para que conste y sirva de Notificación de Sentencia a JOSE FRANCISCO FRANCO NOURONTE, actualmente en paradero desconocido, y su publicación en el Boletín Oficial de A CORUÑA, expido la presente en FERROL a veintiocho de Octubre de dos mil nueve.

EL/LA SECRETARIO

Fdo. ELENA ARMESTO BAYON

2009/16241

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE INSTRUCCIÓN

INSTRUCCIÓN 3 FERROL

Juicio de faltas 208/2009-J

EDICTO

D./DÑA. ELENA ARMESTO BAYON SECRETARIO DEL JUZGADO DE INSTRUCCIÓN NÚMERO 003 DE FERROL

DOY FE Y TESTIMONIO:

Que en el Juicio de Faltas nº 208/2009 se ha dictado cédula de citación del tenor literal siguiente:

CEDULA DECITACION

El/La MAGISTRADO-JUEZ del JDO. INSTRUCCION N.3 de FERROL ha acordado citar a Vd., a fin de que el próximo día 17/DICIEMBRE/2009 a las 10:40 horas, asista en la SALA DE VISTAS 3, 5ª PLANTA a la celebración del Juicio de Faltas arriba indicado, seguido por DESOBEDIENCIA, en calidad de DENUNCIADO.

Se le hace saber que deberá comparecer al acto de juicio con todos los medios de prueba de que intente valerse (testigos, documentos, peritos ...) y que podrá acudir asistido de Letrado, si bien éste no es preceptivo.

APERCIBIÉNDOLE que, de residir en este término municipal y no comparecer ni alegar justa causa. que se lo impida, podrá imponérsele una multa, parándole el perjuicio a que hubiere lugar en derecho y que, en caso de residir fuera de este término, podrá dirigir escrito a este Juzgado en su defensa y apoderar a otra persona para que presente en dicho acto las pruebas de descargo que tuviere, conforme a lo dispuesto en el artículo 970 de la Ley de Enjuiciamiento Criminal.

